

DOSSIER DE PRENSA

INTRODUCIÓN



O **Asalto ao Castelo** é unha festa histórica que naceu hai 20 anos en Vimianzo *(Costa da Morte).* Desde 1996, a vila acolle esta celebración o primeiro sábado de xullo, aínda que co tempo foi medrando ata ocupar perto dunha semana de conmemoración.

O motivo principal desta festividade é a recreación das **Revoltas Irmandiñas** que se estenderon por Galiza no século XV e, en particular, aquela que asolou o castelo do Val de Soneira. A revolta social que tivo lugar entre 1467 e 1469 foi o froito de anos de opresión dos señores feudais sobre o pobo que, azoutado pola fame, reaccionou con este forte levantamento. O que se fai en Vimianzo cada ano é representar unha historia paralela á época que provoque esta revolución, para logo celebrar a vitoria do pobo en contra dos máis poderosos. Trátase dunha exaltación deste acto de rebeldía e dunha inmersión de Vimianzo no medievo, especialmente na banda campesiña do mesmo. Os motivos para a revolta son moitos e sempre con toques de actualidade.

A festividade foi recibindo unha mellor acollida co paso dos anos, o que provocou un aumento considerable da colaboración e, polo tanto, unha proliferación de actividades para todos os públicos. Desde a

clásica feira artesanal que aviva a vila até calquera actividade para os máis pequenos, pasando polo teatro, a música e diversos concursos que animan aos asistentes.

Entre as actividades paralelas máis recoñecidas destacan aquelas que pertencen ao mundo da gastronomía: neste 2015 celebrarase a VI **Cea Medieval** no foso do castelo e a VIII edición dos **Pinchos Irmandiños** nos bares e restaurantes locais. Todo elo é elaborado con ingredientes do século XV, evitando as modernidades que trouxo, por exemplo, o descubrimento de América.

Aínda contando con todo este entorno complementario arredor do festival, a atención segue centrándose na noite do sábado, aquela que nas súas primeiras edicións era chamada "Noite Folk". Despois de vinte anos, a esencia da música e do espectáculo de media noite seguen sendo o eixo desta festa que foi creando vida propia arredor de si.



Os grupos que animan a noite adoitan ter unha orixe étnica particular e a entrada é de balde para todos os asistentes. As actuacións distribúense arredor do punto cumio da festa: o mesmo Asalto ao Castelo. Nesta rebelión, aqueles que actuaron de público previamente, serán tratados como irmandiños e cómplices do levantamento. A

representación teatral adoita ter un ton humorístico, mais sempre cun trasfondo social de denuncia ante as inxustizas. Os espectadores forman parte activa do evento e interactúase con eles dun xeito continuado para así conseguir un ambiente propio das revoltas de 1467. Importante destacar que tanto este espectáculo como o resto de actividades se fan grazas ao traballo desinteresado de voluntarios. **As actrices e actores son os propios veciños**.



O Asalto remata co **ariete** derrubando as portas do castelo, pero non sen antes ter ante si unha verdadeira **guerra de globos de auga** entre os irmandiños (o público) e os defensores da fortaleza.

A singularidade da festa é un dos factores que animan á xente a vivir a experiencia nas peles dun irmandiño, ao igual que o seu valor cultural atrae aos que veñen polo día sen intención de mollarse na media noite.

O Asalto esta organizado pola *A. C. Cherinkas, AXVALSO e o Concello de Vimianzo*. Nestes momentos, a festa é un ente que desenvolve os aspectos máis históricos, culturais e artísticos da vila e os engloba nun ambiente festivo propio da Idade Media.



PROGRAMA 2015



LUNS 29 DE XUÑO

11:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | ***Semana Cultural do Asalto***: (Casa da Cultura)
Como grande apoio para o festival e para conseguir unha maior involucración da vila, o concello organiza durante a semana previa ao Asalto actividades infantís de temática medieval. Alén diso, na Casa da Cultura continúa a exposición "20 anos de Asalto" na que, aparte de fotografías de todas as edicións, se expoñen tamén elementos representativos da festa.

MARTES 30 DE XUÑO

10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | **Mostra de Artesanía en Vivo** (Castelo)
Presente durante todo o ano, nesta semana o Castelo permanecerá aberto dinamizando o seu espazo mediante actividades artesanais. Aqueles que se acheguen poderán observar o traballo e mercar produtos de olaría, maquetas de barcos, cestos, vidro e xoiaría, coiro, encaixe de Camariñas e liño.

11:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | ***Semana Cultural do Asalto***: (Casa da Cultura)

12:00 a 14:00 e 19:00 a 21:00 | **Pincho doce *Castelo dos Altamira*: ChusCake**
(*Stand* Praza do Concello)
A organización tamén ofrece o seu pincho irmandiño. Nesta ocasión, unha galleta con forma de castelo que se poderá consumir no stand instalado na Praza do Concello.

12:00 a 15:00 e 19:00 a 23:00 (horario mínimo) | **VIII PINCHOS IRMANDIÑOS**
Comeza a ruta dos Pinchos Irmandiños nos bares e restaurantes da vila. Realizados con produtos propios do medievo, vinte locais ofrecen o seu petisco a baixo custo. A orixinalidade do pincho e da decoración serán premiadas polo público.

12:00 a 14:00 e 19:00 a 21:00 **Pincho doce *Castelo dos Altamira*: ChusCake**
(*Stand* Praza do Concello)
A organización tamén ofrece o seu pincho irmandiño. Como cada ano trátase dun pincho doce que poderá consumirse no stand instalado na Praza do Concello.

MÉRCORES 1 DE XULLO

10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | **Mostra de Artesanía en Vivo** (Castelo)

11:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | ***Semana Cultural do Asalto*** (Casa da Cultura)

12:00 a 15:00 e 19:00 a 23:00 (horario mínimo) | **VIII PINCHOS IRMANDIÑOS**





20:00 | **Espazo artístico Itinerante** (Rúa)
Pequenas pezas teatrais e musicais que percorren os bares dos Pinchos Irmandiños para animar o ambiente. O Instituto Terra de Soneira é o fornecedor das actrices e actores, como un signo máis de que esta festa se fai por veciños e voluntarios. Hoxe comezan a súa andadura dúas pezas:

- **Cantigas.** Tres rapazas, con violín e percusión, cantan *A dona e o seu namorado* creada esta edición por Lola Canosa, escritora local. Tamén haberá tempo para unha cantiga de amigo e outras cantigas populares.

- **Cantar de cego.** Tres rapaces, participan neste recitado dun romance escrito para a ocasión por Chus Barbeira. Un cantar de cego que narra de xeito épico a historia dos irmandiños. O romance foi publicado e ilustrado por Rubén Rial.

XOVES 2 DE XULLO


10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | **Mostra de Artesanía en Vivo** (Castelo)

11:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | ***Semana Cultural do Asalto***: **Concello** (Casa da Cultura)

12:00 a 15:00 e 19:00 a 23:00 (horario mínimo) | **VIII PINCHOS IRMANDIÑOS**

19:00 a 23:00 | **Foliada**: ***A. C. Trubisquiña*** (Rúa)
Para dar comezo á celebración, cada xoves previo ao Asalto un grupo de persoas acompaña a foliada das Trubisquiñas pola vila de Vimianzo. A intención é acompañalos a comer o pincho mentres animan cada un dos bares participantes nos Pinchos Irmandiños.

20:00 | **Espazo artístico Itinerante** (Rúa)
Ademais das cantigas e do cantar de cego (*ver mércores 1 de xullo*) hoxe únese un sketch de teatro itinerante que conta unha historia medieval.



VENRES 3 DE XULLO

10:00 a 21:30 | **III CONCURSO DE FACHADAS** (Vila)
Para animar aos vimianceses a ambientar a vila na Idade Media, a organización creou un Concurso de Fachadas que premia á casa mellor decorada.



10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | **Mostra de Artesanía en Vivo** (Castelo)

11:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | ***Semana Cultural do Asalto***: (Casa da Cultura)

12:00 a 15:00 e 19:00 a 23:00 (horario mínimo) | **VIII PINCHOS IRMANDIÑOS**

20:00 | **Espazo artístico Itinerante** (Rúa)

21:30 | **VI Cea medieval** (Foso do Castelo)
Nun entorno inmellorable como é o foso do castelo, a sexta edición da Cea Medieval baséase nun menú realizado con produtos da época e amenizado por diversas actuacións. Coa única iluminación dos fachos, as vistas ao Castelo convértena nunha velada inesquecible. Este ano cóntase con 500 comensais.



01:00 | Portas Abertas. **Teatro**: ***Entremeses entre mesas*: Medievándalos** (Foso do Castelo)
Peza teatral de temática medieval que amenizará a sobremesa da Cea Medieval.

01:30 | **Concerto folk: *Pan de Capazo*** (Foso do Castelo)
Pan de Capazo, nacido no 2002, expertos na música antiga e tradicional, cun repertorio enérxico e poderoso. Empezaron tocando música antiga, saltarellos, branles e cantigas, que mesturan cun repertorio máis moderno e autóctono como muiñeiras, polkas, charradas, brincaos, romances e xotas, ademais de ritmos e melodías de Europa central e do Leste.



Tres discos: *Ni* en 2004, *Wi:l* en 2008 (seleccionado entre os 20 mellores discos dese ano a nivel internacional por Mundofonías, RNE), e "Sea" gravado en 2014, recorreron gran parte da Península, así como os Países Baixos, Alemaña, Francia, Noruega e Dinamarca.


Como soan? http://www.youtube.com/watch?v=5bCqvymCSGk
Máis info: http://www.pandecapazo.com/

SÁBADO 4 DE XULLO . DÍA DO ASALTO.

MAÑÁ

10:00 a 19:00 | **III CONCURSO DE FACHADAS** (Vila)

10:00 a 20:30 | **V Feira Artesanal** (Praza do Concello)
A Praza do Concello será o centro da actividade coa feira artesanal que se celebra durante todo o día. Un mercado diferente no que todas as persoas teñen oportunidade de vender os seus produtos artesanais e ecolóxicos.



10:00 a 20:30 | **Exposición permanente sobre armas e armaduras na Idade Media:** ***Aurora de los Caminos*** (Praza do Concello)

10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | **Mostra de Artesanía en Vivo** (Castelo)

11:00 a 12:30 | **Taller interactivo sobre armas e armaduras na Idade Media:** ***Aurora de los Caminos*** (Praza do Concello)
Imaxinas coller unha espada medieval nas túas mans? Sentir o peso de ferro dunha armadura? Pois grazas á cooperativa Aurora de los Caminos poderás trasladarte ao ambiente bélico do medievo.

11:30 a 13:00 | **Obradoiros infantís. Xogoflexia.** (Praza do Concello)

Os máis pequenos pintarán traxes, escudos e crearán as súas propias espadas para prepararse para a revolta. Ademais, non faltarán animadores que organicen actividades.

12:00 a 15:00 e 19:00 a 23:00 (horario mínimo) | **VIII PINCHOS IRMANDIÑOS**

12:00 | **Baile tradicional infantil**: ***A. C. Trubisquiña*** (Praza do Concello)
Momento para amosar a tradición vimiancesa co baile dos nenos de Trubisquiña.

12:30 | **Baile tradicional**: ***Foliada de Salto*** **e** ***Airiños do Río Grande*** (Praza do Concello)
Dous grupos vimianceses continúan coa música e baile propios de Galicia.

13:00 | **Olimpíadas irmandiñas** (Praza do Concello)
Nun entorno humorístico e circense, os participantes nas olimpíadas deberán superar unhas pequenas probas ironizando as que se realizan hoxe en día.

13:00 / **Gherrilha de Bandas** (Vázquez Mouzo-Castelao-Praza Castelao)
Algunhas das bandas participantes no CD Irmandiño Son (ver http://www.asaltoaocastelo.org/unha-opera-contemporanea-e-unha-banda-desenada-historica-no-xx-asalto/) enfrontaranse en diversos espazos da vila, recreando unha loita musical entre eles na sesión vermú.

13:15 | **(En)cantos de Taberna**: A. C. Tanxedoira (Pasabares)
Pasabares realizado pola Asociación Cultural Tanxedoira (A Coruña) para amenizar o mediodía de pinchos nos locais da vila.

13:30 | **Espazo artístico Itinerante** (Rúa)
Cantigas, cantar de cego e sketch teatral. Tres pezas diferentes que xiran polos bares, representadas por alumnos do Instituto Terra de Soneira. (*ver mércores 1 de xullo*)

13:30 | **O Fauno** (Praza do Concello-Rúa)
Personaxe cun aspecto certamente particular que paseará polas rúas de Vimianzo interactuando cos asistentes.

TARDE

III CONCURSO DE FACHADAS (Vila)

V Feira Artesanal (Praza do Concello)

Mostra de Artesanía en Vivo (Castelo)

VIII PINCHOS IRMANDIÑOS

16:00 | **Ti e mais Eu teatro:** ***Nun recuncho do monte*** (Praza do Concello)
A compañía "Ti e mais eu teatro" ten unha longa experiencia sobre as táboas dos escenarios, pero tamén na rúa. En Vimianzo animarán aos pequenos con monicreques á espera do Asaltiño.

16:30 a 18:00 | **ASALTIÑO**
Recreación do Asalto propiamente dito para os máis pequenos. Inclúe a elaboración de traxes para se converteren en irmandiños, a animación e organización para a representación posterior e a marcha cara ao castelo teatralizada que remata coa tradicional guerra de globos na fortaleza.



16:30| **Taller de elaboración de traxes** (Praza do Concello)
17:00| **Concentración de tropa** (Praza da Igrexa)
17:15| **Ataque ao Castelo** (Foso do Castelo)

17:30 | **Taller interactivo sobre armas e armaduras na Idade Media:** ***Aurora de los Caminos*** (Praza do Concello)

18:00 | **Visita guiada TEATRALIZADA**: (Castelo)
Desde a fundación do castelo no século XII, pasando polos Moscoso, os arcebispos, irmandiños, o poeta Martelo, a guerra civil, até chegar á actualidade. Repaso pola historia da fortaleza da man do xograr Manuel Rial que narrará a historia mentres aparecen os protagonistas da mesma, encarnados por alumnos do Instituto Terra de Soneira.



18:15 | **Baile tradicional adulto**: ***A. C. Trubisquiña*** (Praza do Concello)
Volve a música á praza do Concello coas Trubisquiñas, neste caso os maiores.

19:00 | **Fallo do III Concurso de Fachadas** (Praza do Concello)
Decisión do xurado da casa gañadora do Concurso de Fachadas.

19:05 | **Olimpíadas irmandiñas** ***(inclúe Poxa de ariete)*** (Praza do Concello)
Nun entorno humorístico e circense, os participantes nas olimpíadas deberán superar unhas pequenas probas ironizando as que se realizan hoxe en día. Pola tarde, realizarase a poxa para que aquel que dea máis poida ser un dos irmandiños que agarre o ariete que derrubará a porta do castelo.

19:30 | **II Irmandade Parroquial** (Praza do Concello)
Clans formados por parroquias, asociacións ou grupos unidos por algún tipo de lazo realizan un desfile musicado que chega á praza de golpe desde as rúas

que a rodean. Alí atoparanse todos os clans para facer unha chamada ás armas e á toma do castelo.



20:00 | **Izado da bandeira irmandiña** (Praza do Concello)
Logo rematen as Irmandades Parroquiais, levántase a bandeira irmandiña. O encargado será simbolicamente un rapaz de vinte anos, ao cumprir o Asalto a vixésima edición.

20:05 | **Concurshow Traxes Medievais** (Praza do Concello)
Co fin de animar aos asistentes a viren vestido de medievo e así ambientar a vila, a organización creou un Concurso de Traxes Medievais para premiar a aqueles máis elaborados.

20:30 | **Circuíto musical** (Rúa)
O grupo musical ***A. C. Trubisquiña*** (Vimianzo), ***Kosoko Nasera*** (Vimianzo), **Fol siniestro**, **Medio Quinhón** (Burela) amenizarán a tardiña con música polas rúas e bares.

21:00 | **Danza étnica (Costa de Marfil)**: ***Sotheca*** (Praza do Concello)
Broche de ouro para a tarde cos **Sotheca**, grupo africano que fará unha demostración de música e danza.
http://www.youtube.com/watch?v=qRj1Z9ey4Ns

NOITE (CAMPO DA FESTA)

22:00 | ***Ruaille-Buaille***

Pronunciado [Rula-Bula] significa "bulicio" en irlandés, e reflicte a atmosfera divertida que este grupo folk, afincado en Barakaldo (Bizkaia) e xurdido en 2005, crea nas súas actuacións, tanto no escenario como entre o público, facéndoo partícipe e xogando coa súa complicidade.

Como soan? http://www.youtube.com/watch?v=ludjCx7XSiw

Máis info: http://ruaille-buaille.com/



23:30 | **ASALTO AO CASTELO**

Herdanza meiga. Vinte anos despois das Revoltas Irmandiñas, os señores feudais seguen a oprimir á comarca. O inesperado regreso a casa de Inés, a filla da meiga revolucionaria Urraca, desencadeará nunha nova revolta coa fénix tarefa de derrocar o castelo e, con este, os seus donos.



01:00 | *Alamedadosoulna*

Banda madrileña coa soa misión de rebentar todos os escenarios que se lles poñan a tiro a golpe de ska, reggae, imaxinación, humor, elegancia e compenetración. Unha arma de diversión masiva, unha máquina de rebentar zapatos, zapatillas e chancletas. Músicos-comediantes que reinventan cada noite o concepto de actuación musical, arrasando calquera escenario.

Como soan? http://www.youtube.com/watch?v=w2XY9nuMIRE
Máis info: http://www.alamedadosoulna.com/



02:30 | *Artistas del Gremio*

Fanfarria/charanga caracterizada por un estilo xenuíno baseado na interacción co público, a enerxía e as maniotas do día despois.
Paixón, orixinalidade, dinamismo, interacción co público... son algunhas das palabras que mellor definen a esta banda aragonesa.

Como soan? http://www.youtube.com/watch?v=bKt0urIuNNA
Máis info: http://www.artistasdelgremio.com/



04:00 | ***Dakidarría***

Explosiva banda de ska, punk e reggae procedente de Valmiñor, Galicia. A través da súa música cóntanse por numerosas as súas críticas políticas e sociais. Baixo un estilo alegre e rebelde defenden a liberdade dos pobos e a diversidade cultural.

Como soan? http://www.youtube.com/watch?v=ZngKOuwbDzs
Máis info: http://www.dakidarria.com/



DOMINGO 5 DE XULLO

10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | **Mostra de Artesanía en Vivo** (Castelo)

12:00 | **Castelo vivo, un paseo pola historia: *QUINQUILLÁNS*** (Castelo)
A través da compañía de teatro "Quinquilláns", os visitantes poderán coñecer personaxes da historia do castelo a través dunha dramatización en formato teatro de rúa, cun ton puramente cómico. Esta actividade continuará durante todos os domingos de xullo e agosto promovida polo Concello de Vimianzo.
http://www.youtube.com/watch?v=00sRncZqrMA



13:30 / **Sesión vermú: *Medio Quinhón*** (Praza Castelao)
A sesión vermú do domingo será amenizada pola banda de música tradicional "Medio Quinhón", chegada desde Burela coas pilas cargadas.

PROGRAMA 2015
ESQUEMA

http://www.asaltoaocastelo.org/programa2015/

LUNS 29 DE XUÑO

11:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | Semana Cultural do Asalto: Concello (Casa da Cultura)

MARTES 30 DE XUÑO

10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | Mostra de Artesanía en Vivo (Castelo)
11:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | Semana Cultural do Asalto: Concello (Casa da Cultura)
12:00 a 14:00 e 19:00 a 21:00 | Pincho doce Castelo dos Altamira: ChusCake (Stand Praza do Concello)
12:00 a 15:00 e 19:00 a 23:00 (horario mínimo) | VIII PINCHOS IRMANDIÑOS
12:00 a 14:00 e 19:00 a 21:00 | Pincho doce Castelo dos Altamira: ChusCake (Stand Praza do Concello)

MÉRCORES 1 DE XULLO

10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | Mostra de Artesanía en Vivo (Castelo)
11:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | Semana Cultural do Asalto: Concello (Casa da Cultura)
12:00 a 14:00 e 19:00 a 21:00 | Pincho doce Castelo dos Altamira: ChusCake (Stand Praza do Concello)
12:00 a 15:00 e 19:00 a 23:00 (horario mínimo) | VIII PINCHOS IRMANDIÑOS

XOVES 2 DE XULLO

10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | Mostra de Artesanía en Vivo (Castelo)
11:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | Semana Cultural do Asalto: Concello (Casa da Cultura)
12:00 a 14:00 e 19:00 a 21:00 | Pincho doce Castelo dos Altamira: ChusCake (Stand Praza do Concello)
12:00 a 15:00 e 19:00 a 23:00 (horario mínimo) | VIII PINCHOS IRMANDIÑOS
19:00 a 23:00 | Foliada: A. C. Trubisquiña (Rúa)
20:00 | Espazo artístico Itinerante (Rúa)

VENRES 3 DE XULLO

10:00 a 21:30 | III CONCURSO DE FACHADAS (Vila)
10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | Mostra de Artesanía en Vivo (Castelo)
11:00 a 13:00 e 17:00 a 19:00 | Semana Cultural do Asalto: Concello (Casa da Cultura)
12:00 a 14:00 e 19:00 a 21:00 | Pincho doce Castelo dos Altamira: ChusCake (Stand Praza do Concello)
12:00 a 15:00 e 19:00 a 23:00 (horario mínimo) | VIII PINCHOS IRMANDIÑOS
20:00 | Espazo artístico Itinerante (Rúa)
21:30 | VI Cea medieval (Foso do Castelo)
01:00 | Portas Abertas. Teatro: Entremeses entre mesas: Medievándalos (Foso do Castelo)
01:30 | Concerto folk: Pan de Capazo (Foso do Castelo)

SÁBADO 4 DE XULLO

MAÑÁ

10:00 a 19:00 | III CONCURSO DE FACHADAS (Vila)
10:00 a 20:30 | V Feira Artesanal (Praza do Concello)
10:00 a 20:30 | Exposición permanente sobre armas e armaduras na Idade Media: Aurora de los Caminos (Praza do Concello)
10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | Mostra de Artesanía en Vivo (Castelo)
11:00 a 12:30 | Taller interactivo sobre armas e armaduras na Idade Media: Aurora de los Caminos (Praza do Concello)
11:30 a 13:00 | Obradoiros infantís. Xogoflexia (Praza do Concello)
12:00 a 15:00 e 19:00 a 23:00 (horario mínimo) | VIII PINCHOS IRMANDIÑOS
10:00 a 20:30 | Pincho doce Castelo dos Altamira: ChusCake (Stand Praza do Concello)
12:00 | Baile tradicional infantil: A. C. Trubisquiña (Praza do Concello)
12:30 | Baile galego: Foliada de Salto e Airiños do Río Grande (Praza do Concello)
13:00 | Olimpíadas irmandiñas (Praza do Concello)
13:00 | Gherrilha de Bandas (Vázquez Mouzo-Castelao-Praza Castelao)
13:15 | (En)cantos de Taberna: A. C. Tanxedoira (Pasabares)
13:30 | Espazo artístico Itinerante (Rúa)
13:30 | O Fauno (Praza do Concello-Rúa)



TARDE

III CONCURSO DE FACHADAS (Vila)
V Feira Artesanal (Praza do Concello)
Mostra de Artesanía en Vivo (Castelo)
VIII PINCHOS IRMANDIÑOS
Pincho doce Castelo de Altamira: ChusCake (Stand praza do Concello)

16:00 | Títeres Ti e mais Eu teatro: Nun recuncho do monte (Praza do Concello)
16:30 a 18:00 | ASALTIÑO
16:30| Taller de elaboración de traxes (Praza do Concello)
17:00| Concentración de tropa (Praza da Igrexa)
17:15| Ataque ao Castelo (Foso do Castelo)
17:30 | Taller interactivo sobre armas e armaduras na Idade Media: Aurora de los Caminos (Praza do Concello)
18:00 | Visita guiada TEATRALIZADA: Manuel Rial (Castelo)
18:15 | Baile tradicional adulto: A. C. Trubisquiña (Praza do Concello)
19:00 | Fallo do III Concurso de Fachadas (Praza do Concello)
19:05 | Olimpíadas irmandiñas (inclúe Poxa de ariete) (Praza do Concello)
19:30 | II Irmandade Parroquial (Praza do Concello)
20:00 | Izado da bandeira irmandiña (Praza do Concello)
20:05 | Concurshow Traxes Medievais (Praza do Concello)
20:30 | Circuíto musical: A. C. Trubisquiña (Rúa)
20:30 | Circuíto musical: Kosoko Nasera (Rúa)
20:30 | Circuíto musical: Fol Siniestro (Rúa)
20:30 | Circuíto musical: Medio Quinhón (Rúa)
21:00 | Danza étnica (Costa de Marfil): Sotheca (Praza do Concello)

NOITE (CAMPO DA FESTA)

20:30 | CEA
22:00 | Ruaille-Buaille
23:30 | ASALTO AO CASTELO
01:00 | Alamedadosoulna
02:30 | Artistas del Gremio
04:00 | Dakidarría

DOMINGO 5 DE XULLO

10:30 a 14:00 e 16:00 a 20:30 | Mostra de Artesanía en Vivo (Castelo)
12:00 | Castelo vivo, un paseo pola historia: QUINQUILLÁNS (Castelo)
13:30 | Sesión vermú: Medio Quinhón (Praza Castelao)

Outros
Servizo de Cociña
Zona de Acampada e Duchas
TRAXES PARA ALUGAR OU MERCAR
Stand Irmandiño na praza do Concello (comida, bebida, tenda, información)

Entrada de balde: axúdanos, non fagas botellón! Ten conciencia. Ten sentido.





MÁIS INFORMACIÓN:

http://www.asaltoaocastelo.org/
http://www.facebook.com/asaltoaocastelo
http://twitter.com/asaltoaocastelo

Comunicación
Manuel Rial: 669735349
Alba Mancebo: 687269184
comunicacion@asaltoaocastelo.org